Xuízas e Xuíces
para a Democracia

REUNIÓN VIRTUAL DA SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA

Acta da reunión virtual celebrada por ZOOM o día 17 de xaneiro de 2023 ás 17:00 horas.

Asistentes: Julio César Díaz Casales, Carlos Villarino Moure, Carlos Suárez-Mira Rodríguez, Marcos Díaz Peteiro (que actúa como Secretario) e Raquel Casas Santomé.

Escusan a súa asistencia: Paz Filgueira, Teresa Conde-Pumpido, Luna Taboada, Raquel Fernández Rey, Luis Villares Naveira, Francisco Javier Menéndez Estébanez, Sandra Piñeiro Vilas, Lorena López Mourelle, Pilar Gismera e Celeste Ameneiro.

Orde do día:

1. Análise da situación de Xuízas e Xuíces para a democracia.
2. Posición da Sección Territorial perante a situación de falta de renovación do CGPJ.
3. Rogos e preguntas.

Comeza a reunión sendo as 17.00 horas. No tocante ao primeiro punto da orde do día, polo Coordinador Carlos Suárez-Mira exponse o estado da asociación, que conta con 33 asociados e asociadas, 30 en servizo activo e 3 xubilados. No ano 2022 houbo tres incorporacións, sen que houbese baixas. Valorase como positivo o pequeno crecemento que está en liña co sucedido a nivel nacional onde houbo segundo se lle referiu, 26 altas, a maioría como consecuencia do ingreso de maxistrados e maxistradas da 4ª quenda.

En calquera caso, non podemos darnos por satisfeitos, e por iso pregúntase por algunha proposición ou actuación que puidera ser útil para o crecemento en número de asociados/as, non só para medrar como asociación, senón tamén para tratar de captar simpatizantes que cheguen a ser futuros votantes de cara ás eleccións para a Sala de goberno, colonizada pola APM coas consecuencias ben coñecidas.

Por parte de Xulio proponse que a asociación leve a cabo os cursos que foran propostos e denegados no marco do Convenio Xunta de Galicia-CGPJ, como pasou este ano co propio curso que propuxeran Xulio e Raquel, ofrecendo ditos cursos vía telemática co apoio da Oficina Técnica. Ben a facer os cursos ou, polo menos, a ofrecer a unha mesa aberta sobre os cursos propostos.
Por parte de Raquel proponse a posibilidade de acercarse de forma mais activa aos novos xuíces e xuízas, e quizais facer algún tipo de reunión presencial. Entende que con ofrecer un teléfono non sería suficiente, dado que aos novos xuíces pode darlles un certo reparo chamar a un compañeiro ao que non coñecen. Di tamén que entre os novos membros da carreira xudicial votase en falta unha maior presenza da nosa asociación cando chegan ao seu primeiro destino, a diferenza da APM que está omnipresente e invítanos a xuntanzas e comidas aproveitando a pasividade de Xuízas e Xuíces para a democracia.

Por parte de Carlos Suárez-Mira ábrese un debate sobre as comisións de servizo e o modo no que se están a conceder. Tras o intercambio de pareceres acórdase a posibilidade de recorrer a próxima convocatoria de comisións de servizo ou ben de propoñer ao comité permanente para a súa elevación ao Congreso a posibilidade de iniciar un procedemento xudicial para o recoñecemento da lexitimación da asociación para recorrer certas convocatorias de comisións de servizo ou no seu caso para recorrer certas resolucións de comisións de servizos.

En canto ao segundo punto da orde do día, Raquel Casas entende que non é procedente a rebaixa da maioría cualificada para a elección dos novos vogais do Consello. Carlos Villarino adhírese ao dito por Raquel e propón que sexamos nós, os xuíces e as xuízas, quen elixamos aos vogais do Consello. Entende que, no seu caso, o que hai que facer é establecer as regras de como se accede ao Consello e quizais limitar o número de votos de cada xuíz a candidatos a vogais do Consello. Marcos amósase escéptico coa efectividade dun cambio.

En todo caso, por unanimidade (salvo Carlos Suárez-Mira, que prefire non pronunciarse dado que é candidato a vogal pola asociación), os asistentes amósanse contrarios á rebaixa das maiorías cualificadas para a elección dos vogais xudiciais do Consello.

E non habendo ningún rogo nin pregunta, nin outras cuestións que tratar, levántase a sesión ás 18.00 horas.